



DOCUMENTACIÓN ALTA NOVO CLUB NA F.G.D.I.

A seguinte documentación é necesario presentala na Federación Galega de Deportes de Inverno para que o club sexa recoñecido dentro do estamento de clubs:

- Copia da Acta Fundacional do Club
- Copia dos Estatutos do Club aprobados pola Xunta de Galicia, no que deben figurar como afiliada á Federación Galega de Deportes de Inverno o practicante dalgunha modalidade deportiva dos deportes de inverno (Esquí Alpino, Esquí de Fondo, Biathlon, Saltos de Esquí, Esquí Artístico e Acrobático, Snowboard, Telemark, Trineo con cans e Pulka Escandinava).
No caso de o club xa exista e non contemple actividades de ningunha modalidade da FGDI hai dúas posibles solucións:
 - Modificación dos estatutos do club mediante unha Asemblea Extraordinaria para incluír algunha das modalidades da FGDI
 - Creación dunha sección deportiva dentro do club que inclúa algunha das modalidades da FGDI.
- Relación de cargos da Xunta Directiva do club
- Documento de Resolución do Rexistro da Xunta de Galicia conforme o club está inscrito no rexistro de asociacións deportivas e deportistas da Xunta de Galicia.
- Calquera outra información de contacto (Dirección postal e electrónica, Páxina web, Teléfono, CIF...)

Unha vez recibidos estes datos, se dará de alta o club na FGDI e se mandará copia á RFEDI para a súa alta tamén na Federación Española.

- Pagar a cota anual de club, que nesta temporada ascende a **200 €** para os clubs de nova incorporación, e de **100 €** a partir do segundo ano ou clubs xa pertencentes á FGDI.
O número de conta da FGDI é: CAIXABANK ES13 2100-1771-9102-0024-0076

Asimesmo, é necesario manter estes datos actualizados, enviando copia no momento no que se produza algunha modificación (cambio de xunta directiva, modificación de estatutos, cambio de dirección do domicilio social...)

Unha vez o club estea dado de alta na FGDI e abonada a cota anual, xa pode tramitar licenzas de competición para os seus deportistas.

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVIERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinvierno>

<https://twitter.com/FGDInvierno>



TRAMITACIÓN DE LICENZAS DE COMPETICIÓN

Independentemente da modalidade de licenza elixida, o proceso para tramitar a licenza é o seguinte:

- Enviar á Federación (por carta, correo electrónico ou ben persoalmente) o Formulario de datos persoais e solicitude de Licenza debidamente cuberto, que se pode descargar na seguinte dirección da web da FGDI:
<http://www.fgdi.es/web/tarxeta-federativa/como-tramitar-a-licenza/>
- Facer o ingreso correspondente ó total das licenzas na conta da FGDI.
O número de conta da FGDI é: CAIXABANK ES13 2100-1771-9102-0024-0076
- Só no caso de Licencia de Competición Nacional tramitar a través da Extranet da RFEDI os datos do deportistas, para que esta Federación poda validalos.

As licenzas se poden recoller nos locais da Federación, ou ben se envían por correo postal á dirección do club.

MODALIDADES DE LICENZA DE COMPETICIÓN

LICENZA COMPETICIÓN AUTONÓMICA CLUB

Para probas autonómicas non incluídas en calendario nacional de calquera modalidade.

Cobertura Europa

Validez: ata o 30 de xuño de 2017

PREZO: 50 €

LICENZA COMPETICIÓN NACIONAL CLUB

Para competicións de calquera calendario e modalidade

Cobertura Europa

Validez ata o 30 de xuño de 2017

PREZO: 65 €

Está incluída a Tarxeta de Corredor da RFEDI

Para a categoría U10-U12 o custe é de 53 €

LICENZA COMPETICIÓN INDEPENDENTE

Para calquera das licenzas anteriores, cando a tramitación se faga como independente (non asociado a un club) o custe la licenza se incrementa en 100 €

FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVIERNO

Carlos Maside s/n – Local 11 / Campo Fútbol “O Couto” / 32002 OURENSE

Tel.: 988228591 / Móvil: 667328028

www.fgdi.es / secretaria@fgdi.es

<https://www.facebook.com/fgdinvierno>

<https://twitter.com/FGDInvierno>